

**OBRADOIRO:  
A PSICOLOXÍA NO PROCESO DE  
ELIMINACIÓN DE SUXEIÇÕES EN CENTROS  
DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES**

Nome: .....

Tfno.: .....

Enderezo: .....

Cidade e C.P.: .....

Profesión: .....

E-mail: .....

Centro de traballo: .....

Data: .....

Nº de colexiado/a: .....

**Boletín de inscrición**

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA A ABANCA,  
IBAN: ES64 2080 0316 2330 4000 8164

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámosche de que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia existe un ficheiro co nome de "Actividades e servizos para os/as colexiados/as" no que se inclúiran os teus datos profesionais e persoais unha vez inscrito/a no curso. A finalidade do mesmo é a xestión e tramitación das actividades e servizos que o Colexio che presta. A súa utilización e destino é exclusivamente colexial e para organismos afíns a este Colexio.

Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio. No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadro.

Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación, ou para revocar o teu consentimento, dirixíndose ás nosas dependencias na Rúa Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)



Espiñeira, 10-Baixo

15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983

[copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)

[www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)



Colexio Oficial  
de Psicoloxía  
de Galicia

**OBRADOIRO:  
A PSICOLOXÍA NO  
PROCESO DE ELIMINACIÓN  
DE SUXEIÇÕES EN CENTROS  
DE ATENCIÓN A PERSOAS  
MAIORES**

**Docente:**

Esther Ciurriz Mallo

**Organiza:**

Grupo de Traballo de Psicoxerontoloxía da  
Sección de Psicoloxía da Intervención Social  
do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

**Coordinador:**

Arturo X. Pereiro Rozas

## DURACIÓN:

5 horas.

## DATA:

Sábado, 10 de decembro de 2016.

## LUGAR:

Salón de Actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

## PRAZAS:

45.

## HORARIO:

De 9:00 a 14:00 horas.

## PREZOS:

Colexiados/as inscritos/as na Sección de Psicoloxía da Intervención Social:	10 €
Colexiados e colexiadas:	20 €
Non colexiados/as:	40 €

## INSCRICIÓN:

Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN número ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico, banca online ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.

O obradoiro terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas colexiadas, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número suficiente de inscricións.

**Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.**

Ao finalizar o obradoiro entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais.

**Último día de inscrición: 1 de decembro de 2016.**

## DOCENTE:

**Esther Ciauriz Mallo.** Licenciada en Psicoloxía, Máster en Terapia Humanista, Experta en Xerontoloxía, Practitioner en Programación Neurolingüística Transpersoal, Formadora e Auditora Libera-Care.

## OBXECTIVOS:

- Formar e sensibilizar sobre o novo paradigma de atención sociosanitaria centrada nas persoas.
- Coñecer o Modelo de xestión “Vida e persoa” da “Fundación Coidados Dignos”.
- Capacitar aos psicoxerontólogos de centros de atención a persoas maiores nas ferramentas necesarias para un proceso de redución do uso de suxeicións como un indicador referente da calidade de vida das persoas usuarias.

## METODOLOXÍA:

Empregarase unha metodoloxía teórico-práctica que persigue a participación activa dos asistentes, con exposición de casos e vídeos de sensibilización.

## PROGRAMA:

De 9:00 a 11:20 horas

- Evolución histórica do coidado. Os catro Principios Bioéticos. Exemplos prácticos.
- Os catro pilares do modelo de atención centrada na persoa. A participación activa do/a usuario/a na toma de decisións e o uso do consentimento informado.
- Ferramentas que posibilitan a atención / planificación centrada na persoa. Traballar desde o algoritmo Libera-Care: prevención de riscos e busca das causas.
- A cultura do bo trato individualizado na abordaxe de situacións problemáticas. Vídeos de sensibilización. Exemplos prácticos.

De 11:20 a 11:40 horas

- Pausa – café

De 11:40 a 14:00 horas

- O Modelo “Vida e Persoa” e as súas implicacións na xestión da organización.
- Sensibilización cara a eliminación das suxeicións: mitos e realidades. Metodoloxía GCES. Correcta xestión, control e eliminación das suxeicións físicas e químicas. Aspectos legais e de seguridade. Alternativas ás suxeicións.